

**SECRETARÍA XERAL**  
**Xestión de Sesións Plenarias**  
**2024/G010/000004**

**D. JOSÉ MARÍA VÁZQUEZ PITA, SECRETARIO XERAL, DO CONCELLO DE ARTEIXO (A CORUÑA)**

**C E R T I F I C A :**

Que polo Pleno da Corporación, en sesión Ordinaria celebrada o mércores 27 de marzo de 2024, adoptouse, entre outros, o seguinte **ACORDO**:

**“3. CONSULTA TRIBUTARIA DE HIJOS DE RIVERA, S.A.U.: APROBACIÓN DA INSTRUCCIÓN SOBRE INTERPRETACIÓN E ACLARACIÓN DO ARTIGO 7, APARTADO 3 DA ORDENANZA FISCAL Nº4 REGULADORA DO I.C.I.O..-** Dase conta ao Pleno da Corporación de que a Comisión Informativa de Asuntos Económicos, en sesión ordinaria celebrada o venres 22 de marzo de 2024, emitiu o seguinte **DITAME**:

**“2. CONSULTA TRIBUTARIA DE HIJOS DE RIVERA, S.A.U.: APROBACIÓN DA INSTRUCCIÓN SOBRE INTERPRETACIÓN E ACLARACIÓN DO ARTIGO 7, APARTADO 3 DA ORDENANZA FISCAL Nº4 REGULADORA DO I.C.I.O..-**

**“PROPOSTA DA CONCELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA**

Considerando que Hijos de Rivera SAU, plantexa unha consulta tributaria rexistro de entrada nº 202499900000842 en data 26 de xaneiro de 2024.

Vista a providencia de incoación do expediente con número **2024/X999/000031 CVD: QOEHOdKoHOj3MvoCuZYc**

Visto o informe de Rendas e Tesourería con CVD: **WNqZWBZvviHSakGMQR**

Dado que o art. 103.2 TRLRHL recoñece ao Pleno da Corporación como órgano competente para apreciar o especial interese municipal de determinadas obras, e, en consecuencia, outorgar a bonificación na cota tributaria do imposto, e ao mesmo tempo o Pleno é o mesmo órgano competente para determinar, segundo a Lei, os requisitos materiais e formais que, de xeito obxectivo, determinen o dereito do suxeito pasivo á correspondente bonificación, nada obsta a que, no exercicio das competencias interpretativas do contido do art. 7 da OF do ICIO, o Pleno poda aclarar a finalidade perseguida coa redacción do apartado 3 , e, no seu caso, sinalar se a contratación de persoal en período de formación nun centro de traballo diferenciado, pero destinado a se empregar coa apertura do novo centro de traballo en Arteixo que é o obxecto de petición de consulta, se poda subsumir na finalidade perseguida coa redacción vixente dos devanditos requisitos do apartado 3 do artigo 7 da Ordenanza, e, polo tanto, desfrutar do dereito á dita bonificación.

O artigo 12.3 da LXT di que no ámbito das competencias do Estado, a facultade de ditar disposicións interpretativas ou aclaratorias das leis e demás normas en materia tributaria corresponde ao Ministro de Hacienda e aos órganos da Administración Tributaria aos que se refire o artigo 88.5 da lei.

O artigo 88.5. da Lei Xeral Tributaria di que *“La competencia para contestar las consultas corresponderá a los órganos de la administración tributaria que tengan atribuída la iniciativa para la elaboración de disposiciones en el orden tributario, su propuesta o interpretación”*.

En vista de todo o anterior, propoño que a Comisión Informativa ditame ao Pleno a seguinte proposta:

**PRIMEIRO.** Contestar á consulta tributaria formulada por Hijos de Rivera SAU, nº de rexistro 202499900000842 en data 26 de xaneiro de 2024, ditando a seguinte instrución interpretativa :

**INSTRUCCIÓN SOBRE A INTERPRETACIÓN E ACLARACIÓN DO ARTIGO 7 APARTADO 3 DA ORDENANZA FISCAL Nº 4 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS (BOP Nº 19 DE 28.1.2022)**

En virtude da habilitación concedida polo artigo 103.2 do TRLRFL, o Pleno do Concello de Arteixo estableceu a regulación na ordenanza fiscal nº4 reguladora do imposto de construcións, instalacións e obras, dunha bonificación de ata o 95% da cota a favor das construcións, instalacións u obras que sexan declaradas de especial interés ou utilidade municipal por concurrir, entre outras, circunstancias de fomento de emprego, no seu artigo 7 apartado 3. En uso da competencia atribuída ao Pleno da corporación para a regulación dos tributos municipais, e en concreto do recoñecemento dos beneficios fiscais previstos no art. 103.2 do TRLRFL, cómpre establecer os seguintes criterios de interpretación e aclaración da redacción do artigo 7 apartado 3 de dita ordenanza fiscal vixente entre as datas 29.01.2022 e o 23.12.2022 , ao abeiro da súa vixencia segundo o disposto na Disposición Transitoria do texto hoxe de aplicación (BOP nº 242 de 23.12.2022):

1.- No referido ao artigo 7 Apartado 3 punto 4 d) cando di *Enténdese que existe creación de emprego cando se constate un incremento de persoal como consecuencia do inicio da actividade ou da ampliación das instalacións. En sentido contrario, non existe creación de emprego cando non hai incremento neto de persoal no conxunto dos centros de traballo radicados no municipio de Arteixo* , procede aclarar que se considera data de inicio de actividade a que conste no título habilitante do IAE e que esta bonificación resultará de aplicación respecto de aqueles contratos realizados no período impositivo de alta no IAE para o exercicio da actividade en Arteixo na parcela declarada de especial interés ou utilidade municipal .

2.- No referido ao artigo 7 Apartado 3 punto 3 cando di *as contratacións deberán ser indefinidas e a xornada completa*, procede interpretar que os contratos destas características que se formalicen antes da data que conste no título habilitante do IAE para exercer a actividade, deberán facer constar que en todo caso o traballador estará adscrito ao centro de traballo en Arteixo da actividade declarada de especial interés ou utilidade municipal , onde se incorporará

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.arteixo.org/> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

unha vez finalicen as obras de construción de ditas instalacións e se inicie a actividade, non computando pois, como contrato previo aos efectos de determinar o incremento neto de persoal no conxunto dos centros de traballo en Arteixo.

**SEGUNDO.** Publicar no boletín oficial da provincia de A Coruña segundo o disposto no artigo 12 da Lei Xeral Tributaria e en aplicación do artigo 7 a) da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, esta instrución se publicará na web do concello de Arteixo.

Asina dixitalmente na data do documento electrónico. O Concelleiro de Servizos Económicos.- Emilio Maceiras López.”

\*\* Dase conta que obra no expediente informe conxunto da Técnica de Rendas e Exaccións, Dna. María José Gestal Corral, e da Tesoureira Municipal, Dna. Lucía León Álvarez, emitido en data 13.03.2024, con CVD x/Gm5jV5CEvWNV6ww2Xu.

Deseguido, pola Alcaldía-Presidencia, dase un turno de intervencións.

<<...>>

Non formulándose máis intervencións, a Alcaldía-Presidencia, somete o asunto a votación.

Votación:

<<...>>

Á vista do resultado da votación, a Comisión Informativa de Asuntos Económicos, en VOTACIÓN ORDINARIA e por MAIORÍA, ditamina favorablemente propoñer ao Pleno da Corporación a adopción dos acordos transcritos na proposta que se deixa reflectida.”

Deseguido, pola Alcaldía-Presidencia dase un turno de intervencións:

<<...>>

Non formulándose máis intervencións, a Alcaldía-Presidencia somete o asunto a votación.

Votación:

Votos a favor:

- 14 Grupo PARTIDO POPULAR
- 3 Grupo PARTIDO SOCIALISTA
- 1 Grupo BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
- 1 ALTERNATIVA DOS VECIÑOS de Arteixo

Á vista do resultado da votación, o Alcalde-Presidente proclama adoptados, por UNANIMIDADE DOS/DAS PRESENTES, os acordos transcritos no ditame que se deixa reflectido.”

E para que conste, aos efectos oportunos no expediente da súa razón e en cumprimento do disposto no artigo 3.2 f) do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, e nos artigos 204 e 205 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais expido a presente certificación coa salvedade prevista no artigo 206 do texto regulamentario citado e a reserva dos termos que resulten da aprobación da acta correspondente, de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde, D. Carlos Calvelo Martínez, que se asina dixitalmente en Arteixo por ambos, á data sinalada no documento electrónico, rubricada polo/a funcionario/a tramitador/a.